2. Se a persoa...

- está paralizada...
- está en silencio...
- está borracha...
- está drogada...
- está durmida...
- non participa activamente...
- chora...
- grita...

é un **NON!**

E créeme, temos capacidade abondo para interpretar a linguaxe non verbal.
Un "non sabía que non querías", *NO CUELA*.
E, por suposto, non invalida a agresión.

Sen consentimento, é agresión! E punto.

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado contra la violencia de género

Concello de Oleiros

PUNTO VIOLETA DO CONCELLO DE OLEIROS

APE-TÉCE-CHE?

APETÉCECHE?

Pois mete na cachola que o CONSENTIMENTO SEXUAL DEBE SER...

1. Afirmativo

Expresado de forma activa, positiva e explícita.

"Apetéceche?" *"Oh yeah!"*

2. Específico

Non é unha barra libre! Dáse para unha práctica en concreto e non é extensible a outras.

Se che apetece probar outras cousas... *Pregunta!*

3. Procesual

Tense que actualizar todo o tempo, así que, pregunta, pregunta, preguntaaaaaa.

"Apetéceche?" *"Oh yeah!"*

4. Entusiasta

Debe partir do desexo e non da compracencia.

"Apetéceche?" *"Oh yeah!"*

5. Voluntario

Sen presión, coacción, chantaxe emocional, manipulación... e sempre, sempre desde a consciencia e a lucidez (baixo os efectos do alcol ou outras drogas, é agresión).

"Apetéceche?" *"Oh yeah!"*

6. Reversible

Pode cambiar en calquera momento.

"Apetéceche?" *"Oh yeah!"*

Si, si, vale. Pero... como sei cando é un NON?

1. Grava a lume que **O CONSENTIMENTO NON É A AUSENCIA DUN NON MANIFESTO, SENÓN A PRESENZA DUN SI ENTUSIASTA.**

Así que... si, **hai moitas formas de saber que NON é NON** sen que explicitamente se mencione un N-O-N.
Vexamos algúns exemplos: